



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI PADRENDA-CRESPOS  
Rúa San Roque de Crespos, 29  
32226 Padrenda (OURENSE)  
Tel.: 988 68 50 40 fax: 988 68 50 46  
cpi.padrenda.crespos@edu.xunta.es

Estimadas familias:

**Está aberto o prazo para solicitar os libros do fondo solidario, as axudas para a adquisición de libros de texto e o vale para material escolar para o alumnado matriculado en educación primaria, secundaria, e especial en centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para o seu uso no curso escolar 2020/2021.**

1. Cada familia presentará unha solicitude única independentemente de se ten un ou varios fillos e solicita libros do fondo solidario, vale para adquisición de libros ou vale para material.

2. O alumnado ten a obriga de conservar en bo estado os libros de texto, así como incorporalos, ao rematar o curso escolar 2020/2021, ao fondo solidario (banco de libros).

Exclúese desta obriga ao alumnado de 1º e 2º de educación primaria, así como o de educación especial e aquel cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, nos casos en que o material adquirido con cargo á axuda non poida ser reutilizado.

### **Requisitos**

- Estar matriculado en educación primaria, secundaria ou educación especial, nun centro sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia durante o curso escolar 2019/2020.

- Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a **10.000 €**, no caso das **axudas**, e ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a **6.000 €** no caso do **vale** para o material escolar. A renda per cápita calcularase con respecto ao exercicio fiscal 2018.

**Prazo de presentación de instancias:** do **20 de maio** ao **19 de xuño 2020**, ambos inclusive.

### **Documentación**

- Solicitude (Anexo I e Anexo II) debidamente cubertos. Instrucións para o seu cumprimento:

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:	Cubrir todos os datos do PAI, NAI OU TITOR do alumno/a. No caso de discapacidade igual ou superior ao 33% marcar si ou non, e o mesmo para a situación de violencia de xénero (achegar fotocopia da documentación acreditativa en caso de marcar si nalgún dos casos, salvo que xa estean a disposición do centro).
DENOMINACIÓN DO CENTRO:	CPI PADRENDA - CRESPOS
DATOS DO ALUMNADO:	Neste apartado deberán poñer todos os irmáns para os que se solicita axuda que vaian estar matriculados no CPI para o curso 2020/2021. <b>SÓ UNHA SOLICITUDE POR FAMILIA.</b> Cubrir NIF, Nome e apelidos, data de nacemento. Marcar Primaria ou ESO e o curso para o que vai pasar no curso 20/21 (independentemente de que puidera repetir, <b>SEMPRE</b> se porá o curso posterior ao que está no curso actual), marcar se existe discapacidade do alumno/a ou se está tutelado/a pola Xunta.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI PADRENDA-CRESPOS  
Rúa San Roque de Crespos, 29  
32226 Padrenda (OURENSE)  
Tel.: 988 68 50 40 fax: 988 68 50 46  
cpi.padrenda.crespos@edu.xunta.es

MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR:	Membros da unidade familiar: o proxenitor NON solicitante e irmáns NON matriculados. Cubrir NIF, nome e apelidos, data de nacemento e se teñen discapacidade.
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE:	A solicitude deberá vir asinada polo SOLICITANTE.
ANEXO II:	<p><b>Anexo II</b> para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar. No caso de que a persoa solicitante e/ou os membros computables se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de achegar os documentos xustificativos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• DNI ou NIE</li><li>• Declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, á falta deste, o certificado tributación de imputacións no exercicio 2018.</li><li>• Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia</li><li>• Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%).</li></ul> <p><b>Deberán asinalo todos os membros da unidade familiar, excepto o solicitante. No caso dos menores de idade asinará pai, nai ou titor legal.</b></p>

- Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros computables da unidade familiar, sempre que non haxa modificacións con data de 31 de decembro de 2018. Nese caso haberá que presentar a documentación que acredite a nova situación.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI PADRENDA-CRESPOS  
Rúa San Roque de Crespos, 29  
32226 Padrenda (OURENSE)  
Tel.: 988 68 50 40 fax: 988 68 50 46  
cpi.padrenda.crespos@edu.xunta.es

## **RECOMENDACIÓNS DE SEGURIDADE PARA A PRESENTACIÓN PRESENCIAL DA SOLICITUDE**

Aínda que debe priorizarse a tramitación telemática das solicitudes a través de <https://sede.xunta.gal>, informamos das seguintes medidas de seguridade para quen opte pola presentación presencial da documentación relativa ás solicitudes, así como para calquera outro tipo de trámite:

- Só poderá entrar unha persoa ao centro, gardando as medidas de protección e distancia de seguridade.
- Recoméndase que a persoa solicitante asista ao centro con mascarilla.
- Haberá xel hidroalcohólico a disposición dos/as usuarios/as na entrada do centro.
- Na medida do posible a solicitude deberá vir cuberta da casa (para consultar dúbidas preferiblemente vía telefónica).

A Dirección

*Para ampliar esta información consultar a ORDE do 12 de maio de 2020 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2020/2021 (DOG do 19 de maio).*